

## NOTA INFORMATIVA

### TOMA DE POSESIÓN – NOVO PERSOAL FIXO FEAP

**O novo persoal fixo facultativo especialista de atención primaria (FEAP) poderá manter transitoriamente a súa participación en calquera proceso selectivo convocado para outra categoría (concurso de méritos ou concurso-oposición). En consecuencia, calquera posible exclusión dese proceso adíase ata a súa finalización.**

A diferenza do primeiro concurso de méritos da categoría de facultativo especialista de atención primaria-FEAP (convocatoria no DOG do 27 de abril de 2022), este segundo concurso de méritos que vén agora de finalizar (DOG do 26 de xaneiro de 2024) foi convocado en execución da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura, e do Decreto 32/2023, do 13 de abril, polo que se aprobou a oferta de emprego público para a provisión deses postos de difícil cobertura.

En coherencia co obxectivo da Lei de garantir a adecuada atención sanitaria de toda a poboación galega impulsando a incorporación urxente, estable e permanente de persoal aos postos de difícil cobertura, o seu artigo 2 incorpora as seguintes garantías para que o persoal seleccionado "se incorpore e permaneza varios anos no desempeño efectivo dos postos adxudicados" (parte expositiva da lei).

*« Artigo 2. Garantías de incorporación e permanencia no desempeño efectivo dos postos adxudicados En atención aos obxectivos fixados na alínea 1 do artigo 1 e ao propio fundamento do sistema de acceso, o persoal seleccionado nos concursos que se executen en aplicación desta lei:*

*a) Deberá incorporarse de modo efectivo e permanente ao servizo activo, no destino adxudicado, para adquirir a condición de persoal estatutario fixo.*

*b) Tras adquirir esa condición de persoal estatutario fixo poderá participar nos concursos de traslados da súa categoría e/ou especialidade, ou nos sistemas de promoción interna ou provisión de prazas doutra categoría e/ou especialidade, cando cumpra os requisitos comúns e acredite dous anos de permanencia na situación de servizo activo no centro elixido e adxudicado como destino no concurso. »*

En aplicación deste artigo, o persoal agora nomeado persoal fixo (DOG do pasado 26 de xaneiro), ou que resulte posteriormente nomeado neste mesmo proceso, e se incorpore ao servizo activo como FEAP, será obviamente excluído/a dos **procesos de selección temporal** nos que estea inscrito/a no Servizo Galego de Saúde.

Por outra parte, neste intre están a desenvolverse varios procesos selectivos de persoal fixo de forma concorrente (concurso de méritos ou concurso-oposición). Neste contexto de concorrencia de procesos, o novo persoal fixo FEAP **podará manter a súa participación nos que estea admitido**, con carácter transitorio e ata que se coñeza o seu resultado final.

E se finalmente chega a figurar entre as persoas seleccionadas nalgún deses procesos, para manter a súa participación no mesmo sen ser excluído/a, e xa que logo para incorporarse ao servizo activo no seu futuro destino da nova categoría, deberá renunciar previamente á súa praza de (FEAP), por non acreditar os dous anos de permanencia na situación de servizo activo no centro adxudicado como destino nesta categoría (artigo 2 da Lei 2/2022).